

Hurle'
prods.

ÍN DI CE

01 QUEN SOMOS

02 TEATRO ADULTOS: Constance Hurlé

03 PEQUENO FORMATO ADULTOS (+16anos): Constance Hurlé

04 TEATRO INFANTIL: O baúl da Tía Tola

05 SWING (música e baile)

06 CONTACTO

QUEN SOMOS

HURLÉ PRODS.

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PROXECTOS DE TEATRO, MÚSICA E PEQUENO FORMATO

Hurlé prods. nace para materializar e distribuir proxectos de artes escénicas e música, ao que chamamos artes vivas. Xorde como unha ferramenta paraugas cuxo eixo fundamental é a creación contemporánea galega cunha mirada cara afora, principalmente, outras comunidades autónomas cercanas e Portugal.

Abarca teatro e danza contemporánea, artes performativas e do movemento e teatro infantil. No plano musical céntrase no swing y o jazz, incluída a interpretación musical e o baile. Os espectáculos de pequeno formato engloban pezas de micro teatro ou micro teatrodanza, performance e poesía.

Actualmente, a nosa produción céntrase nas obras de artes escénicas e literatura viva da compañía Constance Hurlé, as obras de teatro infantil de O baúl da Tía Tola e as pezas de artes do movemento da artista María Llanderas. No plano musical, levamos Ghastas Pista swing project.

Constance Hurlé

A ALMA DO PROXECTO

Hiperactiva sen remedio, adícase á expresión das emocións e á crítica social a través da literatura e as artes escénicas. Para materializar as súas ideas, funda a compañía de artes vivas Constance Hurlé, que virá seguida do nacemento de Hurlé prods., pequena empresa das industrias culturais que non se centra só no traballo da artista, se non que estende as súas ramas para axudar a outras artistas do seu entorno a levar a cabo os propios proxectos.

O seu traballo como creadora, pero tamén como produtora, procura sempre ter un punto de vista crítico, con perspectiva de xénero e conciencia social e medioambiental, intentando que os seus proxectos aporten algo á sociedade, pois pensa que esta é unha das principais responsabilidades dos axentes culturais.

Performer, poeta, bailarina de jazz, directora e dramaturga de artes escénicas, adica todas as súas enerxías á dinamización cultural en Galicia, a través da produción e da distribución, pero tamén a través da organización de eventos e participación activa dentro de diversas iniciativas e festivais de distintas disciplinas, como, por exemplo, as Slam Poetry ou a organización de jams poéticas en Vigo. Organiza, en colaboración con Isolda Comesaña e A Morada Coop. as sesións de experimentación escénica Microescena Lab. Está, ademáis, fortemente implicada coa escena swing galega.



TEATRO ADULTOS

Constance Hurli



Penélope: destecendo o vínculo

Un achegamento escénico á teoría psicolóxica do apego.

SINOPSE
Penélope é unha peza de danzateatro contemporáneo que busca un achegamento escénico á teoría psicolóxica do apego. Xorde da necesidade, cada vez máis presente na nosa sociedade, de comprender o establecemento e desenvolvemento dos vínculos afectivos que establecen os seres humanos para a supervivencia.

[VER TEASER](#)



Disciplina: danzateatro.
Temática principal: saúde mental.
Número de intérpretes: 3.
Duración: 75 minutos.
Público: adulto e xuvenil.
Estrea: 13-14 xaneiro, Sala Ártika (Vigo)
Caché: 3388 (IVE incl.)
Tlpo de espazo: Sala

Pode encaixar en programacións relacionadas co feminismo, a muller, a saúde mental, a igualdade, a educación afectiva ou sexoafectiva. Apta para adolescentes se 2ºciclo da ESO e bacharelato.

PEQUENO FORMATO

ADULTOS +16 ANOS

Constance Hurli



Vísceras Poéticas, Constance Hurlé

Performance onde se xoga coa poesía, a plástica do corpo e o body painting

SINOPSE

Peza de formato curto na que a poesía válese da linguaxe do corpo para desenvolver unha performance onde se cuestiona a auto percepción do individuo “muller” reconstruída dende e por causa do ollo externo. Unha loita do interno cara fóra, un diálogo de deconstrución, destrución, aceptación e rebeldía. Un intento de aceptar a pregunta sen resposta “Que é e como é “muller”? Para iso cuestiónase o xénero, o rol dos mesmos e, como non, a heteronorma, dun xeito poético e visual. Xógase coa plástica, a música, o body painting e a metáfora para trazar unha crítica do feminino dende o punto de vista da sociedade occidental e do que a sociedade e a familia esperan dunha “boa muller”.

[VER TEASER](#)



Categoría: performance

Temática principal: identidade, roles de xénero, diverxencia da heteronorma. LGTBQ+

Número de intérpretes: 1

Duración: 20/40* minutos (a duración pódese adaptar ás necesidades da programación.

Público: adulto

Caché: 998€ (IVE incl.)

Tipo espazo: non convencional

Pode encaixar en programacións relacionadas co feminismo, a muller, a violencia de xénero, LGTBQ+.

Apta para adolescentes se 2ºciclo da ESO e bacharelato.



O ritual*

Performance onde se xoga coa poesía, a plástica do corpo e o ritual

SINOPSE

O RITUAL é unha performance poética onde viaxaremos a través da poesía e o corpo para adentrarnos no universo da artista e acompañala na súa invocación ás tantas mulleres bruxas para xuntas, coa forza das irmás e da sabedoría máis ancestral, facerlle fronte á sociedade patriarcal que nos tocou vivir.

Categoría: performance

Temática principal:bruxas, poesía

Número de intérpretes: 1

Duración: 10-20* minutos (a duración pódese adaptar ás necesidades do evento.

Público: adulto

Caché**

Tipo espazo: non convencional

Pode encaixar en programacións relacionadas co feminismo, a muller, a bruxería, a poesía, a arte, a vida sostible. Apta para adolescentes se 2ºciclo da ESO e bacharelato.

*Todavía non existen dossier nin vídeo, porque sempre se fixo en espazos non convencionais e non hai rexistro de calidade da peza. A última actuación a tivemos na presentación do Premio de Poesía de Carral, 2025.

**Se se contrata por rede, contrátase como Vísceras Poéticas. Por fóra da rede 600€+IVE.



Miña pequena, Constance Hurlé*

Monólogo teatral de carácter íntimo onde se xoga coa palabra poética e a expresión corporal para falar do maltrato.

SINOPSE

Miña pequena trátase dun monólogo de micro teatro, de carácter dramático, onde a actriz comparte unha testemuña dunha agresión sexual empregando as ferramentas do corpo, a palabra e a proxección audiovisual. A actriz adéntranos nunha íntima confesión onde quedan ao desnudo a crudeza do abuso e a fragilidade do corpo aldraxado a través da metáfora da imaxe e a dureza do relato directo, en segunda persoa, dirixido ao agresor.

Categoría: monólogo teatral

Temática principal: violencia de xénero, muller.

Número de intérpretes: 1

Duración: 10-20* minutos (a duración pódese adaptar ás necesidades do evento.

Público: adulto

Caché**

Tipo espazo: non convencional

Pode encaixar en programacións relacionadas co feminismo, a muller, a violencia de xénero, LGTBIQ+.

Apta para adolescentes de 4º da ESO e bacharelato.

*O material de vídeo aínda non está dispoñible. Estará dispoñible a finais de setembro, comezos de outubro.

**Se se contrata por rede, contrátase como Visceras Poéticas. Por fóra da rede 600€+IVE.

TEATRO INFANTIL

σΒΑΛΙΔΑ
ΤΑΤΟΛΑ



Lixo, O baúl da tía tola

Crise medioambiental e consumo do plástico

SINOPSE

Sempre a correr chegan Plié e Relevé ao teatro para mostrar a súa gran coreografía. O público xa está preparado para ver a función, a música comeza a soar... pero, para a súa sorpresa, a súa escenografía non está no escenario! En troques desta atopan unha montaña de plásticos. Lixo está creado a partires de material plástico reciclado co que facer escenografías para o xogo, cando estes obxectos poderían ser simples desperdicios. A intencionalidade da obra é facernos ver dunha maneira divertida, os problemas que poden surxir debidos ó excesivo plástico que empregamos e ó mal uso que facemos del.

[VER TEASER](#)

Categoría: Teatro infantil

Temática principal: medioambiente

Número de intérpretes: 2

Duración: 40 minutos.

Público: Infantil (a partir de dous anos)

Caché: 1800 (IVE incl.)

Tipo de espazo: sala



Tilintilonia, O baúl da tía tola

Peza para bebés que emprega a linguaxe do teatro físico

SINOPSE

Tilintilonia é un pequeno planeta habitado por Tilín e Tilón, cada unha co seu son. Elas descubrirán un mundo cheo de texturas, cores, sons e fantásticos seres que xorden coa música e onde o aire e a auga se convirten en elementos de xogo.

Visualmente entramos nun mundo de ensoñación grazas as teas , e ao que estas suxiren, son teas que voan e forman parte do vento, ondulan coma a auga, queiman coma o lume e nos acubillan coma a terra.



Categoría: Teatro para bebés

Temática principal: peza sensorial

Número de intérpretes: 2

Duración: 30 minutos.

Público: Bebés (de 6 meses a 3 anos)

Caché: 1080 (IVE incl.)

Tipo espazo: non convencional

SWING

MÚSICA E BAILE



Ghastas Pista swing.project

Neste proxecto, buscamos o diálogo entre músicos e bailarines e a visibilización das mulleres no jazz (especialmente nos espazos masculinizados, como pode ser a sección rítmica ou o rol de leader no baile). Adxunto [vídeo](#) do proxecto.

Advertirche somentes que no vídeo contamos á batería con Héctor Agulla en lugar da nosa baterista habitual, Andrea González. Penso que, tralo éxito acadado na Ferida Modernista de fai dous anos, sería un acerto volver levar á banda a Sada. O proxecto é moi versátil, e poderíamos facer unha proposta concreta escoitando ás vosas necesidades de cara á Feria deste ano. Penso que o mellor é que tratemos as diversas opcións polo miúdo na nosa reunión do vernes, pero adianto xa que podemos limitarnos a ofrecer un concerto ou un picadiscos, ata a facer todo un espectáculo de bailaríns e música en directo.

[VER TEASER](#)



CACHÉ

Cada unha das opcións ten un caché, como é lóxico, atendendo fundamentalmente á súa complexidade e ao número de artistas implicados.

VER SEGUINTE PÁXINA PARA MÁIS DETALLES

Ghastas Pista swing project

OPCIÓNs de contratación**

GHASTAS PISTA SWING PROJECT

Categoría: música

Tema: swing

Linguaxe concerto e baile

Público: todos os públicos

Duración 3h45

Caché project 2545 +IVE

Tipo de espazo: exterior e interior.

GHASTAS PISTA SWING BAND

Categoría: música

Tema: swing

Linguaxe: concerto

Público: todos os públicos

Duración: 90 minutos

Caché: 1855+ IVE

Tipo de espazo exterior e interior.

*PODE CONTRATARSE CON ACTUACIÓN +500€ (AXUSTABLE)

GHASTAS PISTA SWING little project

Categoría: música e baile

Tema: swing

Linguaxe: pinchada con obradoiro*

Público: todos os públicos

Duración: obradoiro 45 minutos, pinchada máximo 2horas.

Caché: 735+IVE

Tipo de espazo exterior e interior.

*inclúe actuación das profes

GHASTAS PISTA SWING DJ's

Categoría: música

Tema: swing

Linguaxe: pinchada

Público: todos os públicos

Duración: obradoiro 45 minutos, pinchada máximo 2horas.

Caché: 735+IVE

Tipo de espazo exterior e interior.

*pode contratarse con actuación +300€

Ghastas Pista
swing project



**Podemos axustar a unha necesidade específica que se teña de cara a un evento concreto: facer somentes unha actuación, facer un concerto máis ambiental, convocar a outros bailaríns...

GRACIAS

Hurle
prods.

PRODUTORA E DISTRIBUIDORA DE ARTES VIVAS

Rúa López Mora, 83 2ºd | Vigo, Pontevedra 36211
Studio 620.564.187

info@constancehurle.com
hurleprods.com
